

INSTRUCCIÓN DE MONTAXE

Indispensable un director, ou directora, que estea farta e que teña claro que o texto non serve para nada. Unha directora, ou director, que non teña medo en empuñar un LAPIS VERMELLO e tachar todo o inservible, ou sexa: todo o texto.

Pode borrar todo o texto pero ten que levar adiante o texto. El, ou ela, vai saber como.

Para levalo adiante é preciso sentar nas rúas dunha cidade un mes enteiro, todo o equipo, ata os responsables de produción, sen facer nada, e teñen que procurar cobrar por ese mes, ese mes debe estar nos orzamentos e se piden subvención especificalo así, *con dos cojones y trescientos ovarios*, así: soldo por estar na rúa. Non o van entender, pero o van ler, iso xa é importante. E van desestimar a subvención, iso xa é importante.

Hai que vestirse con roupas axustadas, con zapatos que manquen, mirar ollos e ollos e ollos e ollos e ollos e máis ollos e anotar nun caderno, no caderno de dirección, por exemplo, as cores de todos eses ollos para logo crear unha iluminación ilustrativa.

Pódense fabricar a man os filtros para os focos, uns filtros marcados a lume polas palabras borradas do texto, para crear ambiente.

Os corpos de todo o equipo, ata os dos responsables de produción –sobre todo os dos responsables de produción– teñen que estar adestrados, a ser posible feridos de tan adestrados, mutilados sería espléndido pero non ha ser doado porque os corpos mutilados quedan lonxe, non son tan accesibles, así que deixémolo en corpos feridos, pode valer.

Como libro de cabeceira, de novo para todo o equipo: *Crime e castigo*, de Dostoievsky; non fai falla ler ata o fin, pero si chegar ao momento no que Raskolnikov lembra as palabras de Sonia cando lle di que vaia a encrucillada, que se incline ante a xente, que bique a terra porque pecou ante ela e que diga en voz alta a todo o mundo que é un asasino. Ao chegar a estas palabras pódese fechar o libro e entrar na sala de ensaios.

Entrar con ilusión, inda que sexa finxida ou forzada, porque a ilusión é necesaria e contaxiosa.

Poden –e deben– estar nenos e nenas en escena. Os nenos e nenas non teñen que estar un mes na rúa, nin usar traxes axustados, nin ler a lembranza de Raskolnikov, iso xa o farán cando medren, pero teñen que estar alí, presentes, para que vexan e para que os vexamos, porque eles son o inicio do drama. Sobre todo os nenos dóciles e servís, pobriños, sobre todo eses, os que teñen unha educación rixida, pobriños, os que se portan ben, os que sacan boas notas, pobriños, eses teñen que estar en escena e seguir a portarse ben en escena, que seguro que o farán se un escolle ben no casting de nenos.

E, obrigatorio: falar moito entre todo o equipo de que é iso do teatro, de que é iso do drama, importante estar borrachos para estas conversas e seguir bebendo, e seguir falando de que é iso do teatro, de que é iso do drama, ata non chegar a ningunha conclusión.

Ata ter claro que non se chegou a ningunha conclusión.

O demais é libre.

PRELIMINARES / SOBRE A LUBRICACIÓN E O RELAX.

CAPTATIO BENEVOLENTIA?

(AVISO IMPORTANTE para que ninguén utilice parte da súa capacidade de atención e de concentración tentando entender. A enerxía que ía usarse nesta peza para ENTENDER debe ser usada para , xustamente, NON ENTENDER)

ESTA PEZA VAI DA MADUREZ. DA IDEA DE MADURAR.

Pero se por calquera *acaso* algunha mente se extravía e :

Pensa que estamos a falar da soidade, que non se preocupe, tamén vai diso.

Ou que estamos a falar do amor aos pais, que non se preocupe, tamén vai diso.

Ou que estamos a falar do odio aos pais, que non se preocupe, tamén vai diso.

Ou que estamos a falar de escollas, que non se preocupe, tamén vai diso.

Ou que estamos a falar do pánico a morrer, que non se preocupe, tamén vai diso.

Ou que estamos a falar do desexo de morrer, que non se preocupe, tamén vai diso.

Ou que estamos a falar dun soño.

Ou que estamos a falar das ganas de bailar.

Ou que estamo a falar do amor.

Ou que estamos a falar do desexo.

Ou dos malditos números.

Ou do aburrimiento.

Ou do MEDO.

DO MEDO

INTRODUCCIÓN Á FUXIDA DO DRAMA

AS PALABRAS PÓDENSE BAILAR

Como cando tes a posibilidade de ir por dúas rúas pero tes que escoller unha, algo así, entendes?

Como cando sabes que queres algo pero á vez sabes que, inda que o queiras, non é

/Como diríamos?/ ADECUADO.

Entendes así?

A conciencia do non adecuado / xusto / é a mellor forma.

PRESCINDIR do que queres, entendes?

(Non pintar nas paredes)

ISTO É SÓ UNHA INTRODUCCIÓN.

Non ten nada que ver co teatro DE MOMENTO. É unha idea que non permite

desenvolvemento. É así. SEN MÁIS.

Chamarte Pablo, por exemplo /e quen di Pablo di Luís ou María / e facer un POEMA

cando tes cinco anos.

AÍ O CAMIÑO. Un nome e un poema, logo todo o demais.

O nome non muda, o poema...

Chamarte Pablo, por exemplo, e nacer en occidente, no norte do occidente. No lugar máis norte e máis occidente. Aí ábrese o camiño →

Neste punto xa podería comezar o teatro, podería haber evolución (dramática?) desde aquí, desde un camiño aberto.

Teatro como PO-SI-BI-LI-DA-DE / Entendes ben a idea?

(LEMBRA LEMBRA LEMBRA: as palabras pódense bailar.)

DITADO DA EXPERIENCIA : DESCRICIÓN ESCENOGRÁFICA INTERNA

N E C E S I D A D E B R U T A L

Premisa I: Para nacer o máis necesario é que os teus pais non estean mortos antes da túa concepción, senón non hai NINGUNHA POSIBILIDADE, ningunha, nin ningún nome, E MOITO MENOS UN POEMA –hai moitos pais mortos antes da concepción, con todas as posibilidades esgotadas – todos os humanos deben dar grazas –a quen?/ (a DEUS)– por non ter os pais mortos antes da concepción.

Moitos esqueceno e non pensan.

DESAGRADECIDOS.

Repíte tres mil veces:

NON DESPREZAR NUNCA O FEITO CON AMOR.

(Non lembres o das palabras, o de bailar, agora non!)

INCONSCIENCIA.

Atentas. Coñecer as táboa de multiplicar para, máis tarde, poder multiplicar.

Preferible SEMPRE coñecer a táboa de MULTIPLICAR cá de dividir.

$$21 \times 3 = 450$$

Isto é un poema. UN PUTO POEMA.

Entenderalo algún día.

Accións facilmente interpretables:

Non pintar nas paredes / Comer berenxenas cando non che gustan / Entrar calada na clase / Ir calada ao teu pupitre / Estar calada mentres falan os maiores / Pedir POR FAVOR e dar as GRAZAS –inda que non che dean o que pides– POLA AMABILIDADE DO OUTRO DE TERCHE PRESTADO ATENCIÓN* / Non sinalar co dedo / Non mirar fixamente.

NON MIRAR FIXAMENTE

NON MIRAR FIXAMENTE

NON SINALAR, NUNCA, FIXAMENTE

(Isto non é un poema)

**O do agradecemento pode dicilo un pai, ou mellor unha nai, ~~A LUME~~ di a nai o de dar as grazas pola amabilidade /con pena/ a nai dio con pena, ela pensa que non ten pena pero ten pena. Isto hai que explicarllo ben á actriz que fai de nai para que o faga de xeito que resulte crible, ou veraz, ou mesmo patético, ten que ter claro que pensa que non ten pena pero que ten pena. Moita.*

LOGO CHORAR

DRAMA TEXTUAL (Coro1)

ORGANIZACIÓN CORAL DOS TEMPOS MODERNOS

ENTRAMOS NO DRAMA / XA / NECESARIO(?)

Personaxes: Coro / Home vello (Estupendo se é indixente. Mellor un indixente DE VERDADE que un actor que fai de indixente. Sería de bo gusto pagarlle algo ao saír da peza) / Neno ou nena que mira (Aportaría REALISMO (?) á escena, ou, cando menos, EMOTIVIDADE. Non é necesario pagarlle)

CORO: Fóra do meu tempo señor

Fóra

O tempo é meu señor

NOSO

Son o dono do meu tempo e digo que non hai tempo

Somos os donos do noso tempo e dicimos que non hai tempo

Non para vostede señor

FÓRA SEÑOR

Non poña ESA CARA señor

Esa cara non está ben señor Non está ben

Estraga o noso HUMOR

O que máis nos praxe é o HUMOR señor

Somos AMANTES do humor señor

Aderezamos os nosos guisos con humor

Facemos o amor con humor señor

AMAMOS os nosos fillos con humor

Esa cara estraga o humor señor

Moléstanos ESA CARA señor Moléstanos ese pranto señor

E os seus berros moléstanos señor Moléstanos Moléstanme

Estráganos o humor señor CON ESA CARA e con eses berros e con eses
prantos

Non nos gusta señor

APARTE a súa cara señor E os seus berros señor

Aparte do meu tempo señor

Non veña ao meu tempo con esa cara nin con eses berros

Non señor Non señor Non ao meu tempo señor Non ao noso tempo

Dicimos que fóra señor

Que fóra

*(O señor – vello – non fai nada; o coro fala dos seus berros, mais el non berra. Aínda
quieto, ESTÁ CLARO que é o ANTAGONISTA, porque o drama necesita (?) un
antagonista)*

(...)

**CAL É O NIVEL DE FIRMEZA NECESARIO
PARA EMPUÑAR UN LAPIS VERMELLO ?**